

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2025, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de dous postos de condutor/a de instalacións de centros de atención primaria desta área sanitaria, convocados pola Resolución do 18 de novembro de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 228, do 26 de novembro).

Convocada pola Resolución do 18 de novembro de 2024 (DOG núm. 228, do 26 de novembro) a provisión de dous postos de condutor/a de instalacións de centros de atención primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee, esta Xerencia, á vista das solicitudes e méritos acreditados polos aspirantes, e de conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como no artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG núm. 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, no Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, e de acordo co establecido na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril) de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, modificada pola Orde do 25 de maio de 2020 (DOG núm. 103, do 29 de maio) e pola Orde do 13 de maio de 2022 (DOG núm. 102, do 30 de maio),

DISPÓN:

Primeiro. Resolver a convocatoria pública para a provisión de dous postos de condutor de instalacións de centros de atención primaria, convocados pola Resolución do 18 de novembro de 2024 (DOG núm. 228, do 26 de novembro).

Segundo. Nomear para os postos que se indican as persoas citadas no anexo desta resolución.

Terceiro. Os aspirantes nomeados deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: zuar2jn3-tys1-zlf8-ohf3-xoovgtlc2u20



Cuarto. A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles se é de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrito ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a condición de servizo activo, e os correspondentes haberes percibiranse de conformidade co que estableza a orde sobre confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto. Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, nos termos establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 30 de decembro de 2025

Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

ANEXO

Denominación do posto: condutor de instalacións de centros de atención primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Nome e apelidos: Juan Jonatan Álvarez González.

DNI (*): ***3268**.

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal.

CVE-DOG: zuar2jn3-tys1-zlf8-ohf3-xoovgtlc2u20



Denominación do posto: condutor de instalacións de centros de atención primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Nome e apelidos: Pedro Ares Maroto.

DNI (*): ***3752**.

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal.

CVE-DOG: zuar2jn3-tys1-zlf8-ohf3-xoovgtlc2u20

